

## COMUNICADO DE PRENSA

A AGAMFEC, sociedade que agrupa 1000 médicos de Atención Primaria (AP) en Galicia, federada en SEMFYC, a 1ª sociedade de médicos de AP de España, quere comunicar á opinión pública o seu abandono do acabado de crear Foro Médico de Atención Primaria, polos seguintes motivos:

- ❖ A creación do devandito foro fíxose, unilateralmente, despois de invitar as sociedades científicas de Atención Primaria (AP) e de Pediatría, o Colexio Médico e a dous sindicatos de médicos, sen ter en conta outras organizacións, sindicais ou non, que si demostraron o seu apoio e a súa loita polos intereses dos médicos e da AP galega en xeral.
- ❖ Non ten sentido facer un foro profesional con organizacións sindicais, pois estas teñen as súas propias canles de negociación nas mesas sectoriais. Se se pretende que o foro sexa un lugar de debate máis amplo e que inclúa cuestións de índole laboral ou organizativa non ten sentido que a súa constitución sexa excluínte.

A AGAMFEC continuará co seu labor de defensa dos médicos de AP de Galicia e do seu desenvolvemento, sen se sentir condicionada por ningunha outra organización política nin sindical, pois o seu compromiso coas súas persoas asociadas e coa sociedade galega no seu conxunto foi sempre plural e aberto a todos e non imos renunciar a eses principios.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2011

Asina:

**A Xunta Directiva da AGAMFEC**